



Compostela  
Cultura

---

AUDITORIO DE GALICIA

**REAL**  
**FILHARMÓNIA**  
**DE GALICIA**

2019 → 2020

---


**DOMINGO 5**  
**XANEIRO 2020**

21.30 h

Auditorio de Galicia

**CONCERTO DE REIS**

**Geoffrey Styles** Director





---

# PROGRAMA

---

## **AARON COPLAND (1900-1990)**

An outdoor overture (10')

## **EDWARD ELGAR (1857-1934)**

A variña da xuventude: Suite núm. 1, op. 1a (23')

*Abertura*

*Serenata*

*Minueto (Estilo Antigo)*

*Danza do sol*

*Gaiteiros de fadas*

*Escena do soño*

*Fadas e xigantes*

## **EDWARD ELGAR**

A variña da xuventude: Suite núm. 2, op. 1b (17')

*Marcha*

*Os cascabeis*

*Couzas e mariposas*

*Danza da fonte*

*O oso domesticado*

*Os osos salvaxes*

## **AARON COPLAND**

Billy the Kid: Waltz (Billy and his Sweetheart) (4')

Rodeo: Hoe-Down (3')

---

Duración aproximada do concerto: 1 hora (SEN PAUSA)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

---

# REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

---

## Director artístico titular

Paul Daniel

## Principal director invitado

Jonathan Webb

## Director asociado

Maximino Zumalave

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Jonathan Webb o principal director convidado. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo. A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG é financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

---

## VIOLÍNS I

Adriana Winkler  
(concertino)  
Ildikó Oltai  
(axuda de concertino)  
Victoria Jurov \*\*  
Yulia Petrushevskaya  
Ilya Fisher  
Claudio Guridi  
Daniel Kordubaylo  
Anna Alexandrova  
Michal Ryczel

## VIOLÍNS II

Grigori Nedobora \*  
Nikolay Velikov \*\*  
Elina Viksne  
Samira Ajkic  
Gyula Vadaszi  
Enrique Roca  
Helena Sengelow  
Kiyoko Ohashi  
Irina Gruia

## VIOLAS

Tilmann Kircher \*  
Iriana Fernández \*\*  
Ionela Ciobotaru  
Anne Schlossmacher  
Oxana Bakulina  
Teresa Cardoso (R)

## VIOLONCELLOS

Plamen Velev \*  
Millán Abeledo \*\*  
Carlos García  
Ailsa Lewin  
Thomas Piel

## CONTRABAIXOS

Carlos Méndez \*  
Alfonso Morán \*\*  
Oriol Xicart

## FRAUTAS

Laurent Blaiteau \*  
Marta Gómez (R)  
Luis Soto \*\*

## ÓBOES

Esther Viúdez \*  
Guillermo Pérez (R)

## CLARINETES

Beatriz López \*  
Virginia Lis (R)

## FAGOTES

Juan Carlos Otero \*  
Manuel Veiga \*\*

## TROMPAS

Jordi Ortega \*  
Alfredo Varela \*  
Xavier Ramón \*\*  
Simon Lewis (R)

## TROMPETAS

Ramón Llåtser \*  
Rodrigo Iglesias (R)

## TROMBÓNS

Iago Ríos (R)  
José Ramiro Pérez (R)  
Marcos Dorado (R)

## TUBA

Miguel Franqueiro (R)

## TIMBAL

José Vicente Faus \*

## PERCUSIÓN

Isabel Diego (R)  
Roberto Oliveira (R)  
Roberto Bao (R)  
Marta Prado (R)  
Marta Figueiredo (R)

## ARPA

Bleuenn Le Fricc (R)

## PIANO

Simona Kantcheva (R)

---

## **GEOFFREY STYLES**

Director

*"Geoffrey Styles, sempre amable, dirixiu os seus músicos cun talento e unha enerxía notables".*

La Provence, Francia

*"Geoffrey Styles dirixiu con exemplar integridade e modestia".* Sud-Ouest, Francia

*"Sen lugar a dúbidas, Geoffrey Styles representa a unha nova xeración de artistas cuxo futuro debería ser radiante".* Sud-Ouest, Francia

É un director emocionante e apaixonado. Rexeita identificarse cunha única categoría musical. Ten experiencia en todos os xéneros, dende o ballet clásico e a ópera ao jazz ou a mestura de estilos; en proxectos educativos e sinfónicos.

Na temporada 2017/18 traballou con diversos artistas como Stacey Kent (Festival de Jazz de Montecarlo), Jane Birkin (xira con "Gainsbourg Symphonique" no Carnegie Hall de Nova York, Centro Barbican de Londres, Orquestra Filharmónica de Radio Francia, Nacional da Illa de Francia, Orquestra Nacional de Lyon e Real Filharmónica de Liège en Bruxelas), estrea dunha nova peza para narrador e orquestra de Richard Birchall coa Orquestra Philharmonia e Simon Callow en Londres, e a apertura do primeiro Congreso Internacional "Conecta FICTION" coa Real Filharmonia de Galicia en Santiago de Compostela.

Na temporada 2018/19 dirixiu concertos de bandas sonoras con Renaud Capuçon e a Orquestra Lamoureux no Olympia de París, unha nova serie de programas familiares e educativos con Alasdair Malloy e a Orquestra de Auvernia, continuando ademais a súa xira con Jane Birkin.

---

Recentemente dirixiu numerosos concertos coa Orquestra de Auvernia, Filharmónica de Montecarlo, Orquestra de Cámara de París, Orquestra da Ópera North, Filharmónica de Oxford e Orquestra Hallé no Reino Unido. Tamén se puxo á fronte da Filharmónica de Estrasburgo (concertos de Aninovo), Orquestra Nacional de Francia e a Orquestra Nacional de Burdeos Aquitania. Dende o foso ten dirixido a Orquestra Real Danesa e a Sinfónica de Aalborg para o Ballet Danés, Orquestra São Carlos en Lisboa, Orquestra de La Fenice en Venecia...

Mantén unha especial relación coa Orquestra Nacional de Burdeos Aquitania, da que foi Director Asociado durante máis de dez anos, traballando con mentores do talle de Steuart Bedford, Maurizio Benini, Harry Bicket, Paul Daniel, Jonathan Darlington, Jane Glover, Hans Graf, Julia Jones, Armin Jordan, Alain Lombard, Sir Neville Marriner, Gennadi Rozdezventsky, Yutaka Sado, Patrick Summers ou Klaus Weise.

Geoffrey Styles comezou a súa carreira musical como Organ Scholar na Abadía de Westminster. Posteriormente estudou Música na Universidade de Oxford. Despois de dous anos como *repetidor* na Ópera Nacional de París, foi convidado por Alain Lombard para unirse ao Gran Teatro de Burdeos como asistente do Coro, posto que ocupou ata 2002. En setembro de 2002 foi nomeado Director Asociado da Ópera Nacional de Burdeos.

---

## Aaron Coplan (1900-1990)

O neoirquino Aaron Copland escribe *An Outdoor Overture* por encargo do director da High School of Music and Art de Nova York, Alexander Richter quen lle pediu que compuxera unha peza optimista do gusto do público adolescente pois se utilizaría como punto de partida dunha campaña de promoción escolar titulada 'Música americana para mozos americanos'. Copland, entusiasmado co encargo interrompíu a composición de *Billy the Kid* e logrou unha peza chea de frescura e calidade aínda que sinxela a nivel interpretativo para estudantes case profesionais ao que sumaba a posibilidade de ser tocada mesmo por unha orquestra ou por unha banda. O propio compositor escribiu "A peza comeza en forma grandiosa [a cargo de todo o conxunto] cun tema que se desenvolve inmediatamente como un longo so para trompeta, acompañado de un pizzicato de corda. Unha breve pasaxe de ponte nas madeiras conduce imperceptiblemente ao primeiro tema da sección de *allegro*, caracterizado por notas repetidas. Pouco despois, estas mesmas notas repetidas, interpretadas de xeito amplo, dan un segundo tema de marcha rápida, desenvolvido en forma de *canon*. Hai unha pausa abrupta, un repentino *decrescendo*, e aparece o terceiro tema lírico, primeiro na frauta, logo no clarinete e, finalmente, no alto das cordas. Notas repetidas sobre o fagot parecen dirixir a peza en dirección ao *allegro* de abertura. En cambio, un cuarto e último tema evoluciona a outro tema en tempo de marcha, pero esta vez menos áxil e con implicacións máis serias. Hai unha preparación para a grandiosa introdución inicial que aparece aquí de novo, continúa coa melodía de trompeta solista, esta vez cantada por todas as cordas nunha versión algo máis suave. Unha sección curta de ponte baseada nun ritmo constante trae unha recapitulación condensada da sección

---

de *allegro*. Como momento culminante combínanse todos os temas. Unha breve coda remata o traballo sobre a grandiosa nota do comezo". *A abertura foi estreada o 16 de decembro de 1938 pola orquestra da High School of Music and Art baixo a dirección de Alexander Richter.*

Tamén a finais dos anos trinta, Aaron Copland escribe "Empecei sentir unha crecente insatisfacción polas relacións existentes entre o público amante da música e os compositores contemporáneos. O público especial dos concertos de música moderna esvaecera, e o público dos concertos convencionais continuaba apático ou indiferente a todo menos aos clásicos establecidos". Copland decidiu volcarse na composición de música elaborada a partir de elementos abertamente tradicionais de Norteamérica como exemplo, a música incidental de tres ballets: *Billy The Kid* (1938), *Rodeo* (1942) e *Appalachian Spring* (1943-44). Nun artigo en 1950, o propio compositor relatou como chegou a escribir *Billy the Kid*, recordando que foi "a primeira vez que intentei aproveitar a rica fonte da música folclórica estadounidense e darlle un ambiente orquestral completo". A idea do ballet xurdíu de Lincoln Kirstein, quen llo encargou para o seu American Ballet Caravan, en colaboración co coreógrafo Eugene Loring. Con ironía, Copland escribiu que "ao ter nacido eu mesmo en Brooklyn, non me atrevía a abordar un tema de vaqueiros. Pero Kirstein foi persuasivo... Tiña traballado con cancións folclóricas mexicanas en *El salón México*, e a idea de ver o que podía facer coas de colleita propia axudou a Kirstein a gañar a discusión. Así que no verán de 1938 encontreime compoñendo un ballet vaqueiro en París, Francia. Aínda que foi escrito principalmente en París por un compositor xudeu de Brooklyn, *Billy the Kid* convertiuse rapidamente na evocación musical arquetípica das



---

paisaxes e a xente do oeste americano". O *Vals* foi composto como unha especie de *pas de deux* do Salvaxe Oeste para Billy e a súa amada mexicana.

Outra partitura tan americana ou máis que Billy The Kid, Rodeo, foi escrito para Agnes de Mille, quen lle encargou a Copland unha partitura para un ballet, de novo, vaqueiro que planeaba coreografiar para os Ballets Rusos de Monte Carlo. Copland respondeu con comentarios como "Oh, non! Xa fixen un deses!", pero ela prometeu "Este vai ser diferente." Nin tan serio nin tan profundo como os outros dous ballets do mesmo estilo, Rodeo, conta a historia dunha rapaza vaqueira cuxas habilidades para montar e soltar o lazo co gando para impresionar ao vaqueiro principal fracasan, sorpréndeo no hoe-down (baile tradicional) do sábado pola noite cun precioso vestido vermello, un argumento tan anticuado e machista como calquera daquel 1942. Hoe-Down, o máis coñecido dos números da suite, reúne dúas melodías tradicionais: a famosa, *Bonaparte's retreat* e *McLeod's reel*, característica do *fiddle*, o violín folclórico. Tamén aparece fugazmente unha melodía tradicional irlandesa *Gilderoy*.

### Edward Elgar (1857-1934)

Na súa xuventude, Elgar compuxo música incidental para representacións teatrais que interpretaban, por pura diversión, as súas irmás e os seus irmáns menores. Aqueles bocexos serviron, catro décadas máis tarde -despois de cumprir os 50- como base para as suites *The Wand of Youth* (A varíña máxica da xuventude), dándolles o núm. 1 de opus pois foron as súas obras máis precoces, quizáis melódica e estruturalmente sinxelas pero escritas co dominio orquestral do compositor xa maduro. A partitura é maxistral como tamén o é a brillantez da mestría de Elgar para crear evocacións musicais que

---

corresponden aos títulos dos movementos. A primeira suite está dedicada ao seu amigo e organista Charles Lee Williams e foi estreada o 14 de decembro de 1907 no londiniense Queen's Hall coa dirección de Henry Wood. Ábrese cunha enérxica *Abertura*, que aparecía nos bocexos de 1879, composta de dúas ideas, a segunda típicamente elgariana. A *Serenata* é triste e inclúe un segundo tema bastante schubertiano. Na partitura, o *Minuetto*, datado en 1881, aparece subtítulado como 'Antigo estilo' e reflicte os seus premeditados arcaísmos haendelianos. A *Danza do Sol* é un movemento vivaz; aquí, a melodía de vals xa aparecía na versión de 1878. Nos *Gaiteiros de Fadas*, a melodía de corda da sección central é a quintaesencia da nostalgia do compositor, como se o estivera lembrando a súa infancia soñando desperto. Elgar explicou que esa irrealidade ía acompañada da *Escena do soño* cuxa sección baixa consiste en tres notas (La-Re-Sol) na procura do contrabaixo para a dirección escénica nese momento, pero, como tamén sinalou el mesmo, a simplicidade da liña do baixo fixo posible "que un neno que non sabía tocar ningún instrumento puidera facer soar o contrabaixo". *Fadas e xigantes* remóntase á obra titulada *Humoreske*, unha melodía escrita aos 10 anos durense as súas vacacións en Broadheath. A marcha inicial da *Suite núm. 2* é un claro exemplo deste tipo, escrita por un dos máis grandes compositores británicos. O tema principal, introducido polos violíns, caracterízase por un clima de expectación reflexiva que contrasta coa rotunda solidez das sección do trío; o característico contrapunto do fagot ao igual que o desenvolvemento temático son obra dun autor de gran sabiduría. As *campaniñas* ofrece un contraste similar entre a súa sección inicial, brillantemente escrita para madeiras e dous tipos de campás, e a súa melancólica segunda parte con outro contrapunto, *molto cantabile*, para

---

os ventos. A danza é unha *gavota* articulada con sensibilidade cunha agradable sección media. *A Danza da fonte* alterna suavemente arpejos ascendentes e descendentes de violíns e vento-madeira que simbolizan os chorros de auga da fonte. *Oso domado* amosa unha conmovedora melodía que reflicte o cautiverio a través dunha melancólica danza, puntuada por unha figura nas cordas graves que suxire os seus impotentes gruñidos. Dos *Osos salvaxes* sábese que, unha boa parte, foi empregada como unha vella danza para os residentes do Centro Powick cando Elgar, en 1879, foi nomeado director da Banda no Condado de Worcester e a escribira para o ensemble Powick Mental Asylum pois os doctores responsables do centro crían firmemente no poder terapéutico da música. Composto nun tempo *presto*, poderíase definir como un *gallop* de tal viveza e inspiración que revitaliza a obra despois dos dous serenos movementos centrais.

---

# PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 23 de xaneiro

20.30 h

DANZAS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Jessica Cottis, directora

Enrike Solinís, guitarra

I. Stravinski, *Danzas concertantes*

J. Rodrigo, *Concierto de Aranjuez*

L. v. Beethoven, *Ballet As criaturas de Prometeo op. 43* (fragmentos)

Xoves 6 de febreiro

OUTROS MUNDOS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Jonathan Webb, director

A. Pärt, *Fratres para cordas e percusión*

A. Pärt, *Cantus in Memoriam Benjamin Britten*

B. Britten, *Symple Symphony*

K. Weill, *Sinfonía núm. 1 "Berlín"*

## AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n  
15705 Santiago de Compostela

## DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)

T 981 542 349 (Teatro Principal)

## OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

[www.rfgalicia.org](http://www.rfgalicia.org)

[www.compostelacapitalcultural.gal](http://www.compostelacapitalcultural.gal)



RealFilharmoniadeGalicia  
CompostelaCapitalCultural



@rfgalicia  
@CCultura